

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO  
DÍA 29 DE XANEIRO DE 2008. NÚM. 1 /2008.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE ACIDENTAL:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)  
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (P.P.)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. FÉ CORTIZO MATO. (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P.)  
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (P.P.)  
D<sup>a</sup>. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)  
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)  
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO. (PSdeG- PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)  
D<sup>a</sup>. SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)  
D<sup>a</sup>. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**AUSENTES:** D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

## ÍNDICE

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.
- 3.- Proposta sobre a periodicidade da celebración das sesións do Concello Pleno.
- 4.- Expediente de Estudio de Detalle do Polígono 1 da AR-21.
- 5.- Expediente do Regulamento da Escola Infantil Municipal.
- 6.- Expediente do convenio entre o Concello, a Femp e a Aetic.
- 7.- Moción do P.P. sobre a vía CN-640.
- 8.- Mocións do PSdeG-PSOE.
  - 8.1.- Moción do PSdeG-PSOE reclamando a instalación de parques biosaudables e a construción dun campo de petanca.
  - 8.2.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á aplicación da Lei de dependencia.
- 9.- Mocións do BNG.-
  - 9.1.-Moción do BNG relativa á Autoestrada AP-53 Santiago-Alto de Santo Domingo.
  - 9.2.- Moción do BNG solicitando que a execución dunha conexión de alta capacidade entre as comarcas do interior coa área de Pontevedra e Vigo.
  - 9.3.-Moción do BNG solicitando unha prestación máis eficaz do servizo de correos.
  - 9.4.-Moción do BNG reclamando melloras na celebración da Cabalgata de Reis.  
--Moción por vía de urxencia relativa á construción dunha autovía Pontevedra-Lugo, pasando por Cerdedo.
- 11.- Rogos e preguntas.

Sendo as dez horas do día 29 de xaneiro de 2007, martes, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Acidental, D. Camilo González Bodaño, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente Acidental D. Camilo González Bodaño e asiste actuando como Secretario Xeral D. César López Arribas. D. Xosé Crespo Iglesias non asistiu á sesión por razóns profesionais e persoais. D. Manuel Miguélez Montoto e D. Francisco Pérez Donsión incorporáronse a sesión durante o transcurso da mesma.

De orde do Sr. Presidente Acidental e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión extraordinaria de 21 de decembro de 2007 e extraordinaria de 28 de decembro de 2007. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

*D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao*, tras indicar que deu unha corrección por escrito a introducir, sinalou que non lle parecía correcto que constara en acta que na sesión do día 28-12-2007 se convocou en forma aos edís, (sesión plenaria polo pasamento de *D. Xosé Cuiña Crespo*), e preguntándose se estivo a Sra. Interventora en dita sesión.

Respostou *o Sr. Secretario* indicando que dita sesión convocouse ás doce da mañá, e celebrouse as dúas da tarde, habendo un acordo e declaración institucional consensuada entre os voceiros dos tres grupos municipais, por ser iso unha sesión urxente.

Sobre o segundo punto, afirmou que si estivo na sesión a Sra. Interventora, e así constaba na acta.

Por último **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** dixo que presentou por rexistro unha emenda de modificación e ampliación da súa intervención na acta do día 21 de decembro de 2007, páxina 33, punto 6.1, no 2º parágrafo. Concretamente onde díciase que: *Hoxe non era rendible este sistema e agora esperaba que co novo presidente da Fegamp se dean solucións a este problema*”, debería dicir:

*“Ata non fai moitos días o Sr. Crespo que presidía a Fegamp dicía que Lalín era pioneiro en moitas cousas e que moitos alcaldes doutros Concellos o chamaban para copiar as iniciativas; pois ben, no caso da recollida de aceites de uso doméstico e de roupa usada non o é. Neste tema sería doado que seguira o exemplo do novo presidente da Fegamp, o alcalde de Ames, concello onde xa leva tempo funcionando este servizo de recollida, ó igual que nos de Santiago, Muros, Lousame ou Pontearreas. Por elo, en Lalín era necesario implantar este sistema, aínda que en iso non fose pioneiro”.*

A continuación **D. Manuel María González Aller** precisou que as súas intervencións estaban incorrectas, terxiversadas, e que só leu dúas das mesmas, en concreto a da moción 5.1. e 6.1. da acta da sesión do día 21-12-2007, preguntando se valen para algo as actas, e reclamando que se graben.

- En concreto na páxina 29 quixo dicir que se o importe da obras a investir no novo Concello, se investira no rural, se contribuiría a mellorar o rural, a facelo máis atractivo e a reducir as diferencias co casco urbano e nas infraestruturas deportivas.
- Na páxina 38 punto 7.2. onde dicía que ..porque non o había aínda nos hospitais de Lugo, Ourense, Vigo... tiña que constar que só había nos hospitais de Lugo, urense, Vigo...

Preguntou tamén se era correcto traer a sesión as cincocentas propostas do programa do P.P. que se trataron en dita sesión, e se era legal.

**D. Camilo González Bodaño** indicou que as actas estaban redactadas polo Sr. Secretario.

Interveu entón **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** para sinalar que estaba de acordo en corrixir esas dúas intervencións, e para discrepar coa postura do Presidente en funcións, afirmando que había que corrixir as mesmas cando as intervencións dos voceiros non estaban ben recollidas.

**O Sr. Secretario** indicou que aceptaba as dúas correccións parciais da intervención do voceiro socialista, que son as seguintes:

### **Páxina. 29**

Na sexta línea empezando a contar dende abaixo, na intervención de **D. Manuel María González Aller**, quedaría:...

*Eles non vía positivamente a forma de xestión establecida.*

*Doutra banda entendían que a suma de cartos municipais que se destinaban a esta iniciativa podía dedicarse a investimentos e a infraestruturas na zona rural de Lalín dotándoa de máis e de mellores servizos dos que hoxe tiña, paliando o déficit existente en instalacións deportivas, reducindo con elo as diferenzas que había coa zona urbana e mellorando con elo a calidade de vida da xente desta parte de Lalín.*

### **Páxina 38.**

No segundo parágrafo na intervención de **D. Manuel María González Aller**, onde dí:.....Así por exemplo entendía que era difícil....., quedaría:

*Coidaba que era difícil que o centro de Lalín contase coa especialidade de xeriatria, porque unicamente nos hospitais de Lugo, Ourense, Vigo e algún máis se prestaba a mesma, nalgún deles mesmo estaba en fase experimental, e non había polo tanto ningún centro ambulatorio a nivel comarcal que a tivese.*

*..Segue o tema das análises polas tardes.....*

Con estas tres correccións na acta da sesión do 21 de decembro das intervencións, unha de D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao e dúas de D. Manuel María González Aller, pasouse a votación ordinaria, a man alzada as actas, e por unanimidade dos asistentes quedaron aprobadas as actas correspondentes ás sesións dos días 21 e 28 de decembro de 2007, extraordinaria e extraordinaria urxente respectivamente.

## **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

**1.-** Decreto da Alcaldía de 27 de decembro de 2007 polo que se aproba recoñece-la obriga a favor da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA do importe líquido de **319,25 €** en concepto de taxa por autorización de obras canalización de 700 ml. na estrada de Vilatuxe (referencia 001007120729).

2.- Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2006 polo que se aproba recoñece-la obriga e ordena-lo pago das seguintes facturas:

<b>Nº factura</b>	<b>Provedor</b>	
6056	Mármoles y Granitos DezGranito Auditor. Vilatuxe	
4.408,44		
036-F	EIXO S.L.	Honor. Asist. técnica Mellora Rede Eléctrica.
11.820,40		
035-F	EIXO S.L.	Honor. redac.proxecto Mellora Rede Eléctrica
11.832,00		

Conce

3.- Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, polo cal se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarias e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2007 por importe de **4.766,97 €** a repercutir sobre ENDESA ENERGÍA con CIF A-81948077 correspondente ó 1,5 % dos seus ingresos brutos neste concello no período referenciado.

4.- Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, polo cal se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarias e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período de decembro do ano 2007 por importe de **5.431,72 €** a repercutir sobre Unión Fenosa S.A. con CIF A-82.153.834 correspondente ó 1,5% dos seus ingresos brutos neste concello no período referenciado.

5.- Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, polo cal se aproba a factura nº 06E079910000677665 a nome de BBVA RENTING, S.A. en concepto de renting centralita do Concello do mes de decembro, por importe de **298,02 €**

6.- Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, polo cal se aproba a liquidación da taxa por tendidos, tubarias e galerías para conducións de enerxía eléctrica, gas, etc. sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal correspondente ó período do ano 2007 por importe de **343,68 €** a repercutir sobre Hidroeléctrica de Silleda S.L. con CIF B-81997439 correspondente ó 1,5 % dos seus ingresos brutos neste concello no período referenciado.

7.- Decreto da Alcaldía de 8 de xaneiro de 2008, polo cal se aproba a factura D201216 a nome de XUNTA DE GALICIA en concepto de subscripción DOGA Biblioteca 2008, por importe de **147,78 €**

**8.-** Decreto da Alcaldía de 22 de xaneiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **31,65 €**

**9.-** Decreto da Alcaldía de 22 de xaneiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Jesús Dablanca Pallares por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **5,70 €**

**10.-** Decreto da Alcaldía de 18 de xaneiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **33,12 €**

**11.-** Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Francisco Guerra García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **113,05 €**

**12.-** Decreto da Alcaldía de 22 de xaneiro de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José A. González González por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67 €** e **41,80 €** respectivamente.

**13.-** Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007, en virtude do cal se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Manuel A. Souto Quián por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **53,40 €**

**14.-** Decreto da Alcaldía de 18 de xaneiro de 2008 polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **45,04 €**

**15.-** Decreto da Alcaldía de 18 de xaneiro de 2008 polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Nicolás Varela García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **53,34 €** e **91,20 €** respectivamente.

**16.-** Decreto da Alcaldía do 3 de xaneiro de 2008 polo que se aproba a factura nº 73710700106400 a nome de DE LAGE LANDEN INT. en concepto

de renting fotocopiadoras das oficinas municipais do mes de xaneiro, polo importe de **648,09 €**

**17.-** Decreto da Alcaldía do 31 de decembro de 2007 polo que se aproba reconece-la obriga de **120,30 €** á AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA), e **10,95 €** a AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO (AUDASA), correspondentes ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de decembro de 2007.

**18.-** Decreto da Alcaldía de 11 de xaneiro de 2008 polo que se aproba a factura nº 0030086994 a nome de REPSOL BUTANO S.A. en concepto de combustible piscinas municipais, mes de xaneiro, por importe de **6.665,15 €**

**19.-** Decreto da Alcaldía de 8 de xaneiro de 2008 polo que se aproba a factura nº D201215 a nome da XUNTA DE GALICIA DOGA en concepto de subscripción ao DOG Concello 2008, por importe de **147,78 €**

**20.-** Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007 polo que se aproba reconece-la obriga a favor de SOLRED S.A. por importe de **815,15 €** en concepto de combustible vehículo Alcaldía correspondente ao mes de decembro, factura nº 2015310.

**21.-** Decreto da Alcaldía de 31 de decembro de 2007 polo que se aproba reconece-la obriga a favor da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra do importe de **1.714,08 €** en concepto de achega municipal ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria do ano 2007.

**22.-** Decreto da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2008 polo que se aproba o **expediente de modificación de créditos número 1-G/2008**, modalidade “xeración de crédito”, por un importe total de **53.460,00 €**

**23.-** Decreto da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2008 polo que se aproba o **expediente de modificación de créditos número 2-G/2008**, modalidade “xeración de crédito”, por un importe total de **12.212,28 €**

**24.-** Decreto da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2008 polo que se acorda a **incorporación de remanentes de crédito** que amparan gastos con financiamento afectado por importe total de **3.066.069,46 €** coincidindo cos recursos financeiros dispoñibles para manter o equilibrio orzamentario.

**25.-** Decreto da Alcaldía de 26 de novembro de 2007 polo que se acorda declarar a excedencia voluntaria por interese particular do funcionario D. Hervé Fernández Estévez, por un período máximo de dous anos.

26.- Decreto da Alcaldía de 28 de novembro de 2007 polo que se acorda cesar a D. Alberto Rey Basteiro como Secretario de Prensa do Concello.

27.- Decreto da Alcaldía de 3 de decembro de 2007 polo que se acorda nomear a D<sup>a</sup>. María Inmaculada Vilariño Vázquez como Secretaria de Prensa do Concello.

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- PROPOSTA SOBRE A PERIODICIDADE DA CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS DO CONCELLO PLENO.**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

*Tras producirse un debate coa intervención de todos os voceiros, a Presidencia e a Secretaría sobre a hora de celebración das sesións informativas, e o tempo de redacción dos ditames das mesmas, deuse por rematado o debate.*

En votación ordinaria a man alzada a proposta, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que eran dezanove, dos que doce eran do P.P, catro do PSdeG-PSOE e tres do B.N.G., aprobouse a mesma, e acordouse o seguinte:

“Modificar o acordo do Pleno da Corporación de Lalín do día 2 de xullo de 2007 que establecía a periodicidade da celebración das sesións ordinarias do Concello Pleno e das Comisións Informativas, quedando redactado do seguinte xeito:

*1.- Celebrar as sesións ordinarias do Concello Pleno todos os xoves últimos de cada mes ás dez horas (10 h). No suposto de que este día sexa festivo, a sesión ordinaria celebrarase o día anterior, o seguinte, ou noutra data do mesmo mes, previo o acordo dos voceiros dos tres grupos municipais.*

*2.- Celebrar as sesións ordinarias das Comisións Informativas tódolos meses o luns anterior á celebración da sesión plenaria, a partir das dezaseis horas e trinta minutos (16,30 h, catro e media da tarde). Cando dito día coincida en festivo, trasladarase a celebración das sesións ao día anterior ou ao seguinte ou noutra data do mesmo mes, previo o acordo dos voceiros dos tres grupos municipais”.*

#### **4º.- EXPEDIENTE DO ESTUDIO DE DETALLE NO POLÍGONO 1 DA AREA DE REPARTO AR-21.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que ten o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de voceiros, o do grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** explicou o contido brevemente: tratábase de establecer as aliñacións interiores e rasantes interiores desta manzana, reordenando os volumes de edificación da AR-21, posto que as exteriores, tanto rasantes como aliñacións, estaban consolidadas.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller**, tras afirmar que apoiarían o expediente, preguntou si un pequeno anaco de terreo na zona e se era ou non edificable.

Contestou **D. Román Rodríguez González** afirmando que non era edificable dita porción de terreo, e que o aproveitamento urbanístico dábaselle na terraza.

Finalmente **D. Fco Xavier Vilariño Taboada** adiantou que se absterían, preguntando a continuación sobre varios aspectos do expediente.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dezaseis (16), dos que doce foron do P.P e catro do PSdeG-PSOE.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* tres (3) do BNG.

*En consecuencia aprobouse a proposta, co seguinte contido:*

No expediente que se está a tramitar no Concello para a execución da Área de Reparto 21 (AR-21) das do Plano Xeral de Ordenación Municipal en vigor (PXOM), e previo o informe favorable dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de febreiro de 2007 aprobou inicialmente o Estudio de Detalle desta área de reparto.

O expediente tramitouse en legal forma, con exposición ao público mediante anuncios no DOG nº 51, do 13 de marzo de 2007, e no diario La Voz de Galicia de 18 de decembro dese mesmo ano; ao mesmo tempo comunicouse persoalmente aos propietarios afectados, sen que se teña presentado alegación algunha.

Con base nos antecedentes expostos **ACORDOUSE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente o expediente do “Estudio de Detalle do Polígono 1 da Área de Reparto 21 do PXOM de Lalín” de iniciativa particular, en concreto dos Propietarios do Polígono 1 da AR-21, redactado polo arquitecto D. Juan García Pérez e con visado do colexio de arquitectos de Galicia do 22 de xaneiro de 2007.

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación do acordo, notificar aos interesados e realizar os trámites restantes que resulten preceptivos.

#### **5º.- EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na rolda de intervencións a concelleira delegada desta área **D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey** defendeu a proposta, destacando por enriba de todo que a tramitación deste servizo levarase no futuro desde a propia escola infantil e non desde os servizos sociais como se levaba ata o de agora.

Salientou que este curso, como houbo máis demandas que prazas dispoñibles, presentáronse algunhas queixas e suxerencias. Por isto quérese modificar este regulamento, introducindo cambios nos aspectos de garantir as reservas de prazas, nos quince primeiros días de maio, para cubrir ese vacío dos pais e darlle facilidades aos mesmos nas vacacións, tendo en conta as diferencias socioeconómicas das familias, ademais doutros cambios.

Desde o banco socialista **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao**, salientou que en primeiro lugar non vía o anterior regulamento, xa que preguntou ao Sr. Secretario se había algún novo e respondeulle que non, nunca soubo que se aprobara ningún regulamento, e non estaba na sesión, preguntando se legalmente tiña que estar.

O funcionario en cuestión respondeu negativamente á pregunta.

**D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey** amosou que estaba publicado no BOP do ano 2001, e era un regulamento interno, o 7.2.2001 no BOP Pontevedra.

Seguiu falando sobre o expediente **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao**, sinalando que tiña algunhas dúbidas sobre o texto que se propuña. En concreto:

- na páxina 3, art. 5, o tema da xornada completa de oito horas e das cinco da media xornada, non acababa de entendela, e podía haber algunha contradición no contido destes dous apartados entre si.

- na páxina 5, art. 9: cando se falaba da primeira quincena de maio, coidaba que había que engadir outro prazo doutra quincena no mes de setembro.

- na páxina 6, art. 11: nos acordos por maioría simple figura “das”, cando debía ser, “dos/das”.

- na páxina 11, art. 21: “todos os nenos con piollos”...., coidaba que debía desaparecer.

- nas páxina 13 e 14, art. 24: nas funcións da dirección e a cualificación do persoal que desempeña, non estaban recollidas.

- na páxina 17, anexo I: as puntuacións negativas do baremo non procedían, deben figurar 0.

Por último dixo que esperaban que con este novo regulamento, a gardería municipal prestara os mesmos servizos e nas mesmas condicións cas garderías privadas, porque tal e como estaba a situación actual, cobrando máis prezo polos servizos a municipal que as privadas, levará a que todo o mundo marche a utilizar as garderías privadas.

Desde a formación nacionalista *D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude* tamén estaba de acordo en que na páxina 17, anexo, desapareceran as puntuacións negativas na baremación das solicitudes; en canto á reserva de prazas detívose especialmente para reclamar que se incrementase do 5% ao 10% entendendo que era necesario e pasando así de 3 a 6 prazas (art.26).

Tamén pediu que na páxina 6 se cambiara o sistema de empate e no que decidía a Presidencia polo sistema de sorteo, considerando que era máis apropiado e que se facía noutras situacións similares (art. 11).

En canto ás demais peticións da voceira anterior, afirmou que estaba de acordo coas mesmas.

En contestación a todas estas peticións, *D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey*, indicou que no referente ás cualificacións do persoal non era lugar aquí para regulalas, senón noutras disposicións. En canto ao establecemento dun novo prazo de apertura de solicitudes en setembro, rexeitou esta posibilidade, lembrando que antes xa se fixeron no mes de agosto e ocasionaba un verdadeiro trastorno nos servizos; sobre o tema das posibles contradicións entre a media xornada e a xornada completa que figuraba no texto, indicou que nas cinco horas da media xornada se daba unha hora como marxe de chegada, e que era esta a causa; en canto ao tema dos piollos tamén rexeitou suprimir este apartado porque era unha norma que estaba aí e se seguía normalmente noutras administracións; finalmente admitiu suprimir a baremación negativa (anexo), e a decisión por sorteo dos aspirantes en caso de empates.

Produciuse un pequeno debate con *D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao* para que entren nas listas de espera.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes e que comprende dezanove concelleiros, dos que doce foron do P.P, catro do PSdG-PSOE e tres do BNG, aprobouse a proposta e as emendas dos arts. 11, anexo baremación, art. 26, e art. 11, e acordouse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Municipal de Lalín, que consta de trinta e un artigos e un anexo.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público dito expediente polo prazo de trina días, insertándose anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de que durante o mesmo se poida examinar, e presentar alegacións, suxerencias e reclamacións contra o mesmo.

#### **6.- EXPEDIENTE DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO, A FEMP E A AETIC PARA O DESPREGUE DE INFRAESTRUTURAS DE REDE DE RADIOCOMUNICACIÓN.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na defensa da proposta o edil delegado do grupo de goberno, *D. Nicolás Varela García* tras dar os bos días indicou que este acordo de colaboración xa existía dende o ano 2005, pero ata hai pouco tempo non sabía del. Xunto co documento había un código de boas prácticas que debían observar as empresas de telefonía móbil que levaran a cabo obras no Concello, o cal contaba con preto de sesenta e seis páxinas. En todo caso o convenio permitía que o Concello obtivera un asesoramento técnico importante por parte da Aetic neste eido, algo positivo.

Desde as filas socialistas o seu voceiro *D. Manuel María González Aller* indicou que neste eido da telefonía móbil había unha situación anárquica neste municipio. Agora xa se tiña este modelo e podía pedir un asesoramento sobre esta materia. Estaban de acordo coa proposta, e coidaba que mesmo debía aplicarse e esixirse retroactivamente ás instalacións existentes, para que as compañías arranxaran e corrixisen así o desbaraxuste que existía no municipio, e para que desfixeran o que estaba mal feito.

Tamén desde o BNG *D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude* estaba na liña de esixir ás empresas que cumpran a normativa, e por isto afirmou que votarían a prol da proposta.

Finalmente *D. Nicolás Varela García* precisou que o acordo e o código non falaban de efectos retroactivos, pero si serviría para ter asesoramento cando se pida montar algunha instalación a partir de agora, si. Rematou afirmando que o código tñano desde que a Femp o remitiu ao Concello.

*Sometida a votación ordinaria, por UNANIMIDADE de todos os seus membros, dezanove, dos que doce foron do grupo P.P, catro do PSdeG-PSOE e tres do BNG, aprobouse a proposta, adoptándose o seguinte acordo:*

Que en febreiro de 2006 a Federación Española de Municipios e Provincias puxo en marcha o Servizo de Asesoramento Técnico e Información (SATI) sobre infraestruturas de radiocomunicación. SATI é un servizo de asesoramento técnico e información sobre implantación de infraestruturas de radiocomunicación, que presta unha atención moi especial ás estacións base (antenas) de telefonía móbil.

Este novo servizo, xunto coa adopción dun Código de Boas Prácticas estaba previsto no Acordo firmado entre a FEMP e a Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC) o 15 de xuño de 2005, en presenza e co respaldo do Secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Con ambos os dous preténdese darlle resposta á demanda xeneralizada das corporacións locais de dispoñer de ferramentas que lles faciliten a xestión rápida e con todas as garantías técnicas, xurídicas, medioambientais e sanitarias, das expectativas dos cidadáns que solicitan servizos de telefonía móbil de calidade e dos preocupados polos aspectos sanitarios. Ademais de facilitar os trámites na concesión de licenzas para a instalación e funcionamento das infraestruturas necesarias.

Neste sentido, o SATI nace coa vocación de ser un servizo de consulta e asistencia ao que poden recorrer todas as corporacións locais; xa que logo, desde a FEMP estase a promover a adhesión dos concellos ao Acordo FEMP-AETIC.

Xa que logo o Concello Pleno adoptou o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.**- Adherirse como Concello de Lalín ao Acordo de colaboración suscrito entre a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnoloxías da

Información e Telecomunicacións de España (AETIC) para o despregue das Infraestruturas de Redes de Radiocomunicación, asinado o 14 de xuño de 2005, e ao Código de Boas Prácticas para a Instalación de Infraestruturas de Telefonía Móbil, elaborado pola FEMP e AETIC e aprobado pola Comisión Executiva da FEMP o 13 de decembro de 2005, así como o noso compromiso de cumprimento.

**Segundo.-** Asumir todos os compromisos e obrigas que se derivan dos mesmos, obrigarse ó cumprimento do seu contido, e a seguir as recomendacións da Comisión Sectorial para o Despregue de Infraestruturas de Radiocomunicación (CSDIR) e do Código de Boas Prácticas.

### **7.- MOCIÓN DO P.P. SOBRE A REPOSICIÓN DO PASO NA SAÍDA DA PARROQUIA DA VEIGA CARA PAREIXO NA N-640.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa do Rural e Actividade Agraria do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Explicou esta vez a proposta o seu proponente o edil delegado de actividade e produción agraria **D. Manuel Fernández López**, quen indicou que os veciños paralizaron as obras, polo cambio que houbo da rasante e pola falta de vías de acceso ao lugar co evidente perigo que ocasionaba o cruce da estrada CN-640. Coa moción tratábase de acadar un compromiso do Mº de Fomento para solucionar a actual situación. Lembrou que se deixara este tramo do xeito en que se atopa actualmente e que levaba un ano e pico con línea continua, sen posibilidade de cruzar no dito lugar. Engadiu que para apoiar as pretensións dos veciños se recolleron preto de duascentas firmas, e agora o que se buscaba coa moción eran solucións, coidando que a construción dun paso soterrado era a mellor posible.

*Sendo as 10,51 horas incorporouse á sesión D. Manuel Miguélez Montoto, quedando con vinte o número total de asistentes e con cinco o grupo socialista.*

De seguido polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** expuxo a posición favorable do seu grupo. Non estaban de acordo coa línea continua, e estaban a prol de que se constrúa un paso soterrado ou o que mellor proceda segundo os técnicos, permitindo así o cruce da estrada polos veciños e pola maquinaria e evitando así dar un rodeo de mais de tres quilómetros.

*Sometida a votación ordinaria, por UNANIMIDADE de todos os asistentes, vinte en total, dos que doce foron do P.P., cinco do PSdeG-PSOE e tres do BNG, aprobouse a proposta, adoptándose o seguinte acordo:*

O sector agrícola e gandeiro é un dos pilares fundamentais da economía do Concello de Lalín, razón pola que debemos prestar o noso máximo apoio e dar as maiores facilidades posibles aos veciños que realizan estes labores e que o teñen como o seu principal medio de vida.

Os veciños das parroquias da Veiga, Goiás (en especial os veciños do lugar de Pareizo) e Carballeda, tiñan permitido ata hai pouco máis dun ano cruzar a estrada N-640 na saída da Veiga cara Pareizo, en concreto no punto quilométrico 159 desta estrada.

Sen embargo, o pintado realizado pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia privoulles deste paso ao colocar no lugar unha liña contínua, que os obriga a ter que dar un rodeo de máis de tres quilómetros para cruzar dunha zona a outra da estrada N-640 neste lugar.

É necesario que o Ministerio de Fomento constrúa neste lugar un paso para os veciños de Lalín que a diario teñen a necesidade de cruzar esta estrada, tanto con gando, coma con maquinaria agrícola. Entendemos que a mellor solución sería a construción dun paso soterrado, aínda que se poderían estudar outras opcións que beneficiaran a estes veciños.

Por todo iso **ACORDOUSE:**

**Solicitar ao Ministerio de Fomento a adopción de medidas que posibiliten aos veciños das parroquias da Veiga, Goiás e Carballeda cruzar a estrada N-640 no punto quilométrico 159 considerando que a construción dun paso soterrado nesta zona é a mellor solución.**

## **8.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-**

### **8.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A INSTALACIÓN DE PARQUES BIOSAUDABLES E Á CONSTRUCIÓN DUN CAMPO DE PETANCA.-**

Deuse conta pola Presidencia da moción de data 17 de xaneiro de 2008 con entrada municipal o día 19 de xaneiro e nº 320. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos comunitarios do día 24 de xaneiro de 2008.

Defendendo a moción **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** do grupo socialista explicou que se pretendía contar con parques biosaudables, habilitando espazos e colocando aparatos en diferentes zonas de Lalín que permitan a realización de exercicios físicos ó aire libre. Lamentou que Lalín non fomos pioneiros neste tema, coma si sucedía noutros eidos.

Salientou que a instalación destes parques precisaba pouco traballo: que foran ao aire libre e colocar unas bases para suxeitalos. O custe total sería variable, porque dependía dos aparatos que se colocasen. Os sitios a colocar debían ser axeitados para elo, como por exemplo no parque Loriga e no primeiro tramo do Pontiñas; noutros lugares como na zona de García Sánchez non se consideraba conveniente.

En canto aos beneficios que se obterían da súa instalación, eran moitos e variables, pero tendían en xeral a mellorar a calidade de vida dos que os practicasen.

Sobre as acusacións de “plagio” da moción que se fixeran ao seu grupo, rexeitou, afirmando que descoñecían tanto ela coma o seu grupo que o goberno municipal pedira axudas relacionadas ou con iniciativas parecidas ás súas, e volveu pedir o que xa reclamou na sesión da comisión informativa: o rexistro de saída da petición municipal e saber a quen ía dirixida a posible petición de axudas tramitadas polo goberno municipal.

Estaban a favor da moción os membros do grupo nacionalista. **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** expresou esta posición, porque con elo contribuiríase a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, indicando que había que ter coidado porque había algúns aparatos que eran perigosos no seu uso, sobre todo para os rapaces.

Discrepaba coa moción o grupo de goberno. **D<sup>a</sup>. Pilar López Carrón** indicou que a Orde ten data de 7-11-2007 sobre estilos de vida máis amplo, e o día 11-12-2007 saíu a resolución municipal para solicitar as axudas. Leu o apartado de dita orde que se refería a espazos verdes saudables, e outras partes da mesma, resaltando que o proxecto municipal era máis amplo co recollido na moción, e collían nel máis actividades cas previstas na moción, por exemplo para previr a obesidade e outras. En suma, votarían non á moción, porque consideraban que xa estaba presentada a petición.

Houbo de seguido un debate entre esta voceira, a edil socialista, o voceiro popular D. Román Rodríguez González e D. Manuel María González Aller a propósito da moción, da data do rexistro de saída da petición, e da entrega posterior da dita acta da Xunta de Goberno na que se acordou a petición á oposición.

*Na moción pedíase: 1<sup>o</sup>.- Instalar parques biosaudables no casco urbano de Lalín, preferiblemente no parque Joaquín Loriga, no paseo do Pontiñas (tramo do Regueiriño), e na Praza Europa, por ser estas as zonas máis céntricas, e a construción dun campo para petanca. 2<sup>o</sup>.- Nunha segunda*

*fase, instalar parques biosaudables tamén, nas parroquias máis grandes do Concello.*

Votos a favor: oito (8), dos que cinco foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Votos en contra: 12 (doce) do PP.

Abstencións: ningunha.

**Xa que logo REXEITOUSE a moción.**

## **8.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 17 de xaneiro de 2008, rexistrada co número 321 do día 19.02.2008, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

En defensa desta iniciativa, **D. Manuel María González Aller** desde o grupo socialista destacou en primeiro lugar que era unha das leis máis importantes da democracia que se aprobou. Dito isto, a lei para que fose eficaz e fose levada á práctica necesitaba do concurso doutros actores como eran a Xunta de Galicia e os Concellos. En concreto a estes últimos lles estaba encomendado o coñecemento exacto da situación, algo fundamental, para acelerar a tramitación da documentación e os informes. Era por tanto vital a información. En Lalín sucedía que había bastante desinformación entre os afectados, e mesmo había persoas que confundían a súa situación persoal coa de dependente. Faltaba información e había que suplila con charlas e coa necesaria coordinación coa Xunta de Galicia. Cumpría pois potenciar o servizo municipal, algo esencial. Galicia, como C.A. estaba máis atrasada neste eido cas outras Comunidades Autónomas, cando ademáis estaba máis necesitada.

O Concello ten que coñecer á xente dependente e axudar ás persoas que non están presentando os papeis para levalos á Xunta e Galicia e entrar así nas valoracións. Leu que na prensa apareceron os datos que a edil delegada aportou, e dos que se desprendía que se tramitaron cento oitenta e sete expedientes dos que vintecinco xa estaban resoltos, expedientes todos levados en man polos interesados.

Reiterou que o traballo do Concello dándolles información aos veciños era importante, e debía ser día a día coa xente, en todos os lugares posibles, e mesmo nas residencias. Preguntou en concreto pola segunda residencia xa construída, pero que non se inaugurou aínda, nin entrou en funcionamento (Geriatros); “algunha responsabilidade en elo sería do grupo de goberno”, afirmou.

O servizo a prestar debía facilitar nun lugar concentrado, agrupando aos veciños dependentes de varias parroquias nun só centro. Entendía que así sería

máis viable e máis práctico, evitando así a distancia co rural, e sinalando que non se debían traer a Lalín a todos para atendelos, polo tempo, polo transporte e pola falta de medios persoais. Leu os cambios da moción acordados na Comisión Informativa e recollidos no ditame da sesión na que non estivo a edil delegada e rematou lendo os puntos da parte dispositiva da moción.

Non se vía do mesmo xeito a moción desde o grupo nacionalista. **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón**, tras dar os bos días a todos, salientou que eles como grupo non entendían moi ben o interese en presentar esta moción nestas datas. O que se sacaba en claro era que antes non se poñían os cartos para estes fins, e agora si, e que ademais había una das mellores leis da democracia. Coincidía no feito de que faltaba información entre os veciños. A oficina que funcionaba na Casa da Xuventude, dependente da Consellería de Vicepresidencia e Benestar Social, xa realizaba en parte esta tarefa. Doutra banda os servizos sociais municipais dicían estar desbordados polo traballo que supuña esta lei, pero tamén había que dicir que nesta labor faltaba un traballador social no Ambulatorio de Lalín. Por elo propuxo a modo de emenda que se engadira á moción un sexto punto co texto de “solicitar que se cubrirea praza de traballador/a social no Ambulatorio de Lalín”.

Estaba de acordo en acelerar a tramitación dos expedientes, pero había que respectar a confidencialidade, algo que resultaba obvio: procurar que a moción non afecte aos datos privados dos afectados, algo que tal e como se pedía no punto segundo da moción non estaba claro.

En canto ao punto cuarto subliñou que o Concello de Lalín ten asinado o convenio e a integración no Consorcio e ten un representante, que entendía que debía comparecer neste punto e explicar o que se facía.

Sobre o tema da agrupación das persoas en centros de día por aldeas, indicou que, se ben unha persoa dos servizos sociais ou de fisioterapia podía desprazarse ata ese centro concentrado, entendía que a calidade do servizo que puideran prestar non era o mesmo que a que se daba no centro de Lalín. Por iso coidaba que sería máis viable organizar un servizo de transporte para dar esa atención en Lalín.

Desde o grupo de goberno, **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey**, indicou que esta moción era unha moción tipo das que os partidos políticos enviaban aos grupos dos Concellos. Coincidía en que esta lei era das máis importantes das aprobadas nesta materia ata agora. Aínda así, esta lei hoxe non deu todos os froitos que debía dar, a pesar de que recoñecía dereitos aos veciños que se atoparan en situacións determinadas, non só económicas, senón outras, recollendo mesmo unha carta de servizos que contén a lei.

Felicitou á voceira nacionalista pola petición dunha praza de traballador/a social do Ambulatorio algo que coidaba necesario e sinalou que a apoiaría.

Sobre o tema da información aos veciños, sostivo que ela brindouse a informar sobre a lei, pero non antes de rematar o presente mes de marzo tal e como figurou na prensa, algo que foi un erro administrativo ou periodístico,

porque non era así. “*Mañá tiña unha charla en Losón, e ó mellor podía suceder que non se acabaran estas charlas de información ata o mes marzo do ano que ven, porque aínda non se levaba recorrido a metade das parroquias do municipio*”, afirmou.

Sobre os puntos da moción en cuestión, dixo estar en desacordo cos puntos 1 e 2 da moción pola vixencia da lei de protección e datos.

Afirmou que hoxe estaban xa presentadas algunhas solicitudes na Delegación Provincial completas. E rematou reiterando que apoiaría a creación desa praza de Traballador/a social no Ambulatorio.

Na segunda rolda de intervencións, o voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** rexeitou que a moción presentada fora unha moción tipo que se enviara desde o partido, tal e como indicou a edil popular.

Insistiu en que existía moita desinformación entre os veciños sobre esta lei, e sobre todo entre as persoas afectadas, que mesmo podían confundir a súa situación persoal coa situación como dependente. Repetiu que en Galicia estabamos moi atrasados na aplicación desta lei, cun decreto que facía falta e que seguía sen ditarse, en relación coas outras comunidades autónomas que ían mais avanzados. Sinalou que a Consellería debía ter todos os datos e todos os expedientes persoais completos o antes posible para resolvelos; agora ao parecer había só vintecinco expedientes presentados.

Houbo a continuación un debate sobre o número de expedientes non presentados entre o anterior voceiro e a edil do grupo de goberno, que estimaba en cento oitenta e sete os expedientes non resoltos aínda, e en máis de mil as posibles persoas afectadas pola lei.

Rematou **o voceiro socialista** a súa intervención reiterando o xa dito por el en relación cos centros de día e sobre a concentración ou agrupación que propuña: que era máis viable este sistema a que o persoal sanitario acuda a cada unha das casas dos pacientes; que, acudindo a un so centro, se reduciría o tempo en desprazamento do persoal sanitario co correlativo custe menor e con máis tempo para atender aos pacientes e que, en definitiva, a calidade do servizo que se prestaría sería mellor.

**D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey** indicou que no seu programa ían os centros de día.

De novo **D. Manuel María González Aller** volveu insistir en que atender caso por caso aos pacientes, con viaxes non era o modo máis racional precisamente, e tampouco o era traelos a Lalín, senón reunilos por parroquias, centralalos e acudir alí o persoal sanitario. Coincidiu en que si había falta dun traballador social no Ambulatorio, pero engadiu que cando, se falou deste tema hai tres anos, se dixo entón que a Consellería de Sanidade non ía levar, porque se levaría desde os servizos sociais do Concello. Isto pasou cando o P.P. estaba

en Lalín e na Xunta de Galicia. De modo que esta era situación e a historia real do tema.

Finalmente, entendía que a emenda da voceira nacionalista, pola súa materia, non era propia desta moción e por iso non aceptaba engadila á moción presentada.

A seguir do debate, votouse a moción ordinariamente e a man alzada e acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17) dos que cinco foron do PSdeG-PSOE e doce do P.P.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: tres (3) do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE** a moción, que é do seguinte tenor:

A Lei de dependencia aprobada polo goberno socialista o ano pasado e que entrou en vigor a partir do un de xaneiro, e unha das leis máis importantes, no ámbito social, das aprobadas na historia da democracia, e que ven a complementar o estado de benestar.

O sistema público de dependencia constitúese co esforzo da Administración do Estado que aportará 12.500 millóns de euros e coa corresponsabilidade das comunidades autónomas, que terán que aportar a mesma cantidade.

O sistema de dependencia contempla: residencias, centros de día, axuda no fogar, prestacións económicas para os cuidadores familiares, programas de respiro, proxectos de promoción de autonomía, teleasistencia, etc.

Galicia conta cunha das poboacións máis envellecidas da Comunidade Europea e Lalín, non é unha excepción. E por iso esta lei é de especial importancia para nós, pois o número de persoas dependentes neste concello é moi elevado ao que hai que engadir a gran dispersión xeográfica (52 parroquias e máis de 300 lugares) e a cantidade de persoas maiores que viven soas.

Para que este sistema público de dependencia sexa efectivo hai que desenvolvelo dunha maneira progresiva pero tamén rápida, é dicir, que primeiro ten que acoller aos grandes dependentes, demencias avanzadas, parálises cerebrais, encamados, e así sucesivamente.

Aquí é onde é fundamental a labor do concello pola súa proximidade cos cidadás e pola súa capacidade para recoller información sobre as necesidades

das familias e como non pola súa capacidade de informar do funcionamento de ditas achegas.

Dende os concellos deben promoverse accións dirixidas a informar aos cidadáns, pero tamén para mediar ante o goberno autonómico, competente nesta materia.

### **Xa que logo acordouse:**

*1º.- Solicitar á Concellería de Servizos Sociais unha relación numérica das solicitudes e cualificacións presentadas e un seguimento continuo do estado de tramitación das mesmas. Asemade levar unha relación das persoas incorporadas no sistema de dependencias e o grao das mesmas.*

*2º.- Solicitar á Concellería de Servizos Sociais que colabore coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e ao mesmo tempo que se lle esixa a máxima celeridade na tramitación das solicitudes de valoración.*

*3º.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta un informe sobre os equipamentos que ten previstos para o Concello de Lalín.*

*4º.- Instar ao goberno municipal a ofertar solo á Xunta de Galicia para a construción dos equipamentos dirixidos á atención das persoas con dependencia.*

## **9.- MOCIÓNS DO BNG.-**

### **9.1.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A AUTOESTRADA AP-53 LALÍN-SANTIAGO.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 11 de xaneiro de 2008 con entrada municipal nº 191 do mesmo día, que contaba co ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Como corresponde, o voceiro do grupo proponente o nacionalista, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**, asumiu a defensa da moción. Indicou que a mesma era “máis do mesmo”, despois de varios anos con este tema e de non ver ningún sinal de cambio.

Indicou que agora houbo unha suba das taxas da peaxe por utilizar a autoestrada, e eles tiñan dous aspectos claros: en primeiro lugar, a clave política estaba no problema creado polo P.P no goberno; o segundo a situación actual na que o goberno central despregaba unha política continuista da seguida polo goberno do P.P.

Imaxinábase que o P.P. votaría a favor da moción, algo que sería “unha indecencia”, politicamente falando.

Sinalou que o Goberno Central na súa xuntanza do día 21-12-2007 acordou incrementar as taxas o 2,5% da AP-53, Santiago-Alto de Santo Domingo, e no mesmo Consello, acordou a redución da peaxe nun 50% da autoestrada León-Campomanes, á que había que sumar outra rebaixa xa efectuada do 30% para os vehículos pesados. Isto era ó parecer un compromiso do goberno central, e non sabía moito máis delo, pero o que estaba claro é que isto era unha desvantaxe comparativa para outras Comunidades Autónomas, agravada polo feito de que a AP-53 foi feita con diñeiro dos cidadáns galegos, porque a Xunta de Galicia aportou uns sesenta millóns de euros.

Doutra banda cumpría destacar que a suba efectuada dende principios de ano era moi superior ao IPC rondando o seu custe actual os cinco euros, e sempre sen ter en conta os vehículos pesados.

Deu cifras para amosar que cando era ministro o *Sr. Francisco Álvarez Cascos* estimábanse unha media de seis mil usuarios por día, e que agora esa cifra non superaba os cinco mil douscentos vinte e ún vehículos ao día. Este aspecto se agravaba porque o número de vehículos pesados, que sería o punto forte desta autoestrada, era menor aínda. Non foi a panacea esta autoestrada, e a distancia a Santiago como se dixo daquela, “en vinte minutos” non existía.

Doutra banda resultaba que agora tampouco era viable acometer carrís de vehículos lentos na CN-525, porque había moitos núcleos no medio.

Houbo unha declaración no Parlamento de Galicia sobre as peaxes, un primeiro xesto, pero o tema víase con pesimismo, e a realidade era que a día de hoxe non houbo ningún cambio na situación. Rematou afirmando que a AP-53 e a supresión da peaxe era vital para Lalín, para a súa economía e por iso se pedía.

A postura do grupo socialista expúxose polo seu voceiro **D. Manuel María González Aller**. Indicou en primeiro lugar que esta era unha moción repetida e presentada un mes antes das eleccións, e non entendía como se presentaba agora neste período, algo que adoitaba facer o P.P. Lembrou que o P.P. estivo no fondo do problema creándoo, coa inauguración e falando de peaxe branda.

O IPC subía todos os anos e así estaba no prego, e non había moito que dicir sobre este aspecto.

Eles estaban a favor da moción, pero insistiu en que entendían que non debían presentarse máis mocións e reiterarse nelas sobre o mesmo tema cando xa estaban aprobadas polo Pleno. Neste caso o procedente era esixir ao grupo de goberno que xestione, execute e insista no que se pediu nas instancias correspondentes.

Desde o grupo popular, **D. Roman Rodríguez González** afirmou que deste tema xa estaba todo dito. Sobre o tema de fondo, indicou que o P.P estivo oito anos no goberno central, e o fixo mellor ou peor, e podía estar a favor ou en contra da mesma, pero foi unha política coherente, porque non se suprimiron

peaxes a uns si e a outros non. Era pois unha política defendible. O problema foi cando o PSOE chegou ao poder, ao goberno central e empezou a dar favores e a facer unha política bananera, de cachondeo, suprimindo uns peaxes a uns e deixando as peaxes ós outros. Isto non era unha verdadeira política de Estado. Tiñan razón os voceiros anteriores: esta moción e o tema eran unha pesadez, pola reiteración, pero é que se presentaba porque non había máis remedio que facelo. O Mº de Fomento non contestaba e non daba cita para a entrevista pedida coa Comisión, non habendo ningún xesto ou sinal pola súa parte. En suma todos estes feitos eran una sucesión de actos de cachondeo político, na que o Sr Presidente do Goberno Central *Sr. D. José Luis Rodríguez Zapatero* xogaba e xoga coas xentes neste tema da peaxe, rebaixando ou suprimindo as peaxes a quen quere e cando quere. Lembrou que mesmo o actual Alcalde de Ourense afirmou na campaña electoral do ano pasado que se ganaba as eleccións suprimiría a peaxe do novo tramo da AP-53.

Na segunda rolda, *D. Fco. Xavier Vilariño Taboada* afirmou que non entendía que alguén lle puidera molestar a presentación desta moción no Pleno, citando que na sesión anterior houbo unha moción da oposición que veu tres veces e non pasaba nada.

Este tema presentouse xa mil veces aquí, e o seu grupo seguirá facéndoo ata que se solucione o problema, porque non tiñan outra opción que reclamar e protestar diante as institucións con capacidade real para resolver o problema. “O colmo” de todo o que se dixo era que o Ipc tiña que subir todos os anos, cando o Consello de Ministros podía e pode politicamente subir, modificar e mesmo suprimir a suba das peaxes, citando que nesa mesma sesión do Consello de Ministros de 21-12-2007 na que se acordou a suba do 2,5% da AP-53, decidiuse tamén a redución no tramo León-Campomanes.

En canto á posición do grupo do P.P., coidaba que só quería “liala” e mentir, cando foi dito partido o que creou directamente o problema.

Coa situación actual, eles tiñano claro: había que pedir a supresión da peaxe, e non lle servían os argumentos dados polo P.P, porque foi este partido quen creou o problema coa concesión a tantos anos e dándolle as ganancias a unha empresa privada, aspecto que tamén daba que pensar. Por último dixo que, se o P.P. gañaba as vindeiras eleccións xerais, coidaba que os membros do P.P. local cambiarían de posición neste tema.

Tamén reiterouse na súa postura *D. Manuel María González Aller*. Dixo que esperaba que non molestasen aos voceiros anteriores as súas verbas sobre a repetición das mocións, e sobre a petición de que o grupo de goberno xestionase os acordos acadados, porque era o que realmente procedía con todos os acordos.

Sobre o fondo insistiu en que eles, o seu grupo e partido, foron os únicos que non cambiaron de postura neste tema. Foron os primeiros en advertir deste problema, cando se aprobaron os pregos das contratacións; e logo mantiveron a mesma postura cando se vendeu a autoestrada co argumento de que as peaxes

serían brandas. Agora a situación era difícil de solucionar porque estaba cunha concesión a unha empresa privada, algo que pasou tamén coa A-9, porque co alongamento da concesión que fixo o goberno do P.P, deixábase aos futuros gobernos sen marxe de negociación sobre as peaxes.

Repetiu que o grupo de goberno non sabía gobernar nin xestionar os acordos adoptados, que era o que procedía neste caso. A maiores, engadiu que o P.P. non estaba lexitimado neste tema, por ser quen causou o problema a pesar de que se lle advertiu, e porque en suma eles foron artífices deste problema

Volveu a reiterarse no xa dito o grupo de goberno. **D. Román Rodríguez González** repetiu que o P.P. do Goberno Central cando estivo no poder realizou en materia de peaxes a mesma política. Podía dicirse que era unha política boa ou mala, defendible ou non, pero era igual para todos. A situación cambiou cando entrou ou PSOE no poder, porque realizou e realizaba unha política neste eido sen criterios definidos, unha política “de puro cachondeo”, citando a maiores o tema do tramo de León e o tramo da autoestrada Cádiz-Sevilla, e cambiando así as regras de xogo existentes ata entón.

Sinalou ao voceiro socialista que podía xestionar unha entrevista da comisión cos responsables do M<sup>o</sup> de Fomento, e deixarse de facer “cadenas e llaveros humanos ridículos”.

Agora coas obras do TAV non pasaba nada, a pesar de todo o que sabíamos que estaba a suceder. En suma, entendía que a política en materia de peaxes do goberno de Madrid de ZP era un puro capricho e había que ver todo o contexto do tema para falar.

Sobre a moción do BNG, dixo que lle faltaba unha “coletilla final”: cando houbo o debate para a reprobación no Senado (Cortes Xerais) da Ministra **D<sup>a</sup>. Magdalena Álvarez**, o BNG votou en contra da proposta para reprobala, evitando así a oportunidade, aínda que só fora coma un acto simbólico, de “darlle caña”, poñer un punto negro no seu expediente profesional como Ministra, e rexeitouno.

Finalmente **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** defendeu a postura do seu grupo de partido, insistindo en que aquí neste tema sucedeu algo distinto dos demais: que se pagou o dobre; a Xunta de Galicia pagou cartos para construír a AP-53, algo que non pasou coas demais CC. Autónomas.

*Sometida a votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos asistentes, que inclúe a totalidade dos membros presentes (20), que inclúe doce edís do P.P., cinco do PSdeG-PSOE e tres do BNG aprobouse a moción con base nos seguintes antecedentes:*

En pasadas mocións presentadas polo BNG expoñíase que a peaxe da AP-53, no seu tramo Santiago-Lalín, era moi custosa, estando por enriba do prezo da peaxe doutras vías galegas de características similares, o que resulta

inasequible para os usuarios habituais, por supoñer unha excesiva carga económica en relación co poder adquisitivo.

Desde o Concello de Lalín queremos denunciar unha vez máis que o desorbitado prezo da peaxe nesta autoestrada, fai que o volume de tráfico sexa moi reducido, situando á AP-53 como a penúltima en utilización entre todas as autoestradas de peaxe existentes na rede estatal. Así mesmo, e segundo os últimos datos dispoñibles, nos nove primeiros meses do ano 2007, a media de tráfico diario foi de 5.421 vehículos, unha cifra moi por debaixo (aínda no ano 2007) das previsións iniciais dun mínimo de 6.000 vehículos ao día.

Consideramos particularmente relevante o escaso tráfico de vehículos pesados, a penas 400 ao día, malia a vantaxe que esta vía debería supor para o rápido transporte de mercadorías e produtos.

Diante destes datos podemos concluír que unha infraestrutura que debería desempeñar unha función social, a de servir ao desenvolvemento da Galiza interior, permanece infrautilizada ao ter unhas tarifas de peaxe excesivas que obrigan á maior parte dos potenciais usuarios a seguir utilizando a antiga N-525.

Esta vía sufriu nos últimos anos subas porcentuais por enriba do IPC interanual (3,75%, 3,50%), incrementándose a unhas porcentaxes maiores nos tramos curtos de maior intensidade de circulación, como é o caso do tramo Lalín-Silleda.

Para o BNG a situación atópase nun momento de total parálise, xa que despois de esgotar todas as vías de diálogo, segue sen variar nada o problema, incluso despois do acordo de mínimos acadado por parte dos partidos políticos con representación no Parlamento Galego.

Para a nosa organización política é inaceptable a situación actual existente, como por aínda querela agravar máis coa nova suba que se produciu ao final deste ano que rematou, sendo totalmente incomprensible e inxusta, mostra do desprezo que desde o Goberno de Madrid se ten coa nosa comarca. Resultáballe curioso ver como no Consello de Ministros do pasado 21 de decembro de 2007 se acordaba que a suba que se aplicaría ás autoestradas para o actual ano 2008 sería dun 2,5%, actuación esta máis que palpable para amosar, que a pesares de que o problema inicial radica no prego de condicións aprobado polo goberno do Partido Popular, este Goberno actual caracterízase por seguir na mesma liña continuista á do anterior executivo.

Pagamos por unha vía de primeira categoría, pero con servizos de terceira; sinistros causados por animais que entran na vía, ausencia de descontos para os usuarios habituais, fallos nas tarxetas de telepeaxe, etc. Máis, isto non

sería grave, se houbera unha vía alternativa axeitada ás necesidades dos usuarios, pois a única alternativa é a N-525, unha vía obsoleta por estar limitada na práctica totalidade do tramo Lalín-Ponte Ulla a 50 qm/h e sen carril para vehículos lentos.

**Xa que logo, ACORDOUSE:**

*Dirixirse ao Ministerio de Fomento a fin de acadar o acordo por parte da Institución competente na materia de suprimir a peaxe para posibilitar o acceso do conxunto dos cidadáns á mesma.*

### **9.2.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A EXECUCIÓN DUNHA CONEXIÓN DE ALTA CAPACIDADE ENTRE AS COMARCAS DO INTERIOR DE GALICIA COA ÁREA DE PONTEVEDRA E DE VIGO.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 15 de xaneiro de 2008, rexistrada co número 232, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na defensa desta moción, a nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** leu a parte dispositiva da moción na que se solicitaba a construción dunha conexión que facilitase as comunicacións entre o interior galego coas áreas do sur de Galicia, Vigo e Pontevedra. Sinalou que cumpría facer un estudo previo para determinar así o trazado, afirmando que sería unha pena e unha ocasión perdida que, cando estaban en fase de execución a construción das autovías para conectar todo o litoral costeiro galego (cantábrico), o interior galego quedara descolgado das comunicacións acumulándose esta situación ao retraso que xa padecía.

Non estaba a favor da moción o grupo socialista, pero tampouco en contra. **D. Manuel María González Aller** engadiu que contiña aspectos a favor, pero outros non.

Afirmou que non había esa falta de comunicación de Lalín como se dicía na parte expositiva da moción porque o certo é que hoxe Lalín ten unhas vías inmejorables, afirmando que cando estea rematada a autoestrada Santiago, Ourense, tramo Alto de Santo Domingo-Ourense, actualmente en obras, estará moi ben comunicado con Ourense, Vigo e co Norte de Portugal. Actualmente estaban libre de peaxe os quilómetros do tramo da antedita autoestrada ata O Carballiño.

Coincidía en que Lalín estaba lonxe de Pontevedra, e que as autovías do litoral estaban en tramitación e en execución, e que cumpría dotar a Galicia de

mellores comunicacións interiores. Coidaba que era conveniente que a autovía que ía desde Monforte a Chantada chegara ata Lalín, algo que apoiaban.

Salientou que Lalín sempre estivo ligada con Vilagarcía de Arousa, que foi o porto de relación desta comarca; esa vía si que había que melloralala. Para iso debíase mellorar a variante da Estrada, a de Caldas, e a parte da Rocha; faltaría o tramo desde Lalín ata Chapa. Esta petición sería razoable.

Afirmou que había unha moción do P.P. a tratar por vía de urxencia nesta sesión que propoñía a construción dunha autovía que pasara pola Serra do Candán e acercaría Lalín a Pontevedra. Non estaban de acordo coa mesma, pero pediu que se debaterá e se votara conxuntamente coa deste punto da orde do día.

Reiterou que Lalín, unha vez rematado o tramo do Alto de Santo Domingo Ourense, estaría perfectamente comunicado con Vigo e co norte de Portugal e por isto, porque o que dicía na moción non era certo, o seu grupo non podía votar a favor da mesma.

Rematou esta intervención o voceiro socialista, reafirmando que estaban a favor de que a vía Monforte-Chantada chegue ata Lalín e en mellorar con estudos técnicos previos a conexión de Lalín con Vilagarcía de Arousa.

Tampouco estaban a favor da moción os membros do P.P. Nunha breve intervención **D. Román Rodríguez González** amosou a súa satisfacción porque o voceiro anterior alabou as vías de comunicación que, segundo el, debíanse á planificación feita polo P.P. cando estivo no goberno. Criticou o sistema empregado para eliminar a peaxe do tramo Lalín-Ourense e a política de quitar peaxe que se seguía noutros casos, sistema que para el era de “puro cachondeo”. En canto á conexión de Monforte-Chantada para que chegara ata Lalín, afirmou que xa o pedira o Sr. Alcalde.

Sobre o fondo da moción, indicou que na moción non constaba que a autovía fora a pasar por Lalín; puña: A Estrada. Por este feito non podían apoiala. En resume, rexeitaríana por imprecisión en localizar o trazado.

Houbo de seguido un debate entre os tres voceiros anteriores sobre a moción do P.P se se debatía e se votaba conxuntamente ou non. Finalmente tanto o Sr. Presidente como o Sr. Secretario, pola discordancia do proposto co regulamento vixente, rexeitaron esta opción.

**D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** reiterouse no xa dito, e afirmou que se mantiña a moción como estaba.

De novo **D. Manuel María González Aller** rexeitou as afirmacións do voceiro popular por incertas, no sentido de que, na súa opinión, as vías agora en curso de execución ou inauguradas polo goberno central e autonómico foran proxectadas xa antes dos gobernos populares, e sorprendentes pola persoa que as emitiu (aludindo a un simil popular sobre certas partes do cabalo da estatua do Xeral Espartero). Afirmou que a meirande parte das vías agora en servizo ou

en fase de execución foron planificadas polos gobernos socialistas, cando era presidente do goberno central *D. Felipe González Márquez*. A única vía que non se lle podía atribuír ao dito goberno era a de Santiago-Lugo; pero todas as demais rematadas nestes anos, foron proxectadas antes dos gobernos do P.P.

Volveu a insistir en que Lalín agora estaba ben comunicada e que cando remate o tramo en obras da AP-53, Lalín estará perfectamente comunicada con Vigo e con Portugal. Anunciou por elo, que a moción contiña aspectos positivos, pero tamén negativos; por iso absteríanse.

Amosou tamén que estaban en desacordo coa moción do grupo P.P. por vía de urxencia a tratar neste tema, para construír unha autovía Lugo-Pontevedra atravesando a Serra do Candán, e que o lóxico era que os técnicos estudaran o tema previamente e viran a vía e o trazado máis axeitado.

Non rematou aquí o debate, senón que continuou bilateralmente entre o voceiro socialista e o popular, sobre as obras, quen as propuxo, quen fixo os proxectos, quen realizou a consignación e quen rematou distintas obras executadas en Lalín tales como a Ronda Leste, a urbanización da rúa D, e a participación nas mesmas do Concello de Lalín e da Xunta de Galicia.

*Na moción pedíase demandar da Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) e do Goberno do Estado (Ministerio de Fomento) a execución dunha conexión de alta capacidade entre as comarcas do interior (Deza Tabeirós e A Estrada) coa área de Pontevedra e Vigo; en segundo lugar, solicitar en consecuencia, da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado a realización inmediata dun estudo sobre a devandita conexión; e por último, dar traslado do presente acordo a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.*

Sometida a votación ordinaria polo sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3) do BNG.

Votos en contra: doce (12) edís do P.P.,

Abstencións: cinco (5) do PSdeG-PSOE.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

### **9.3.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO UNHA PRESTACIÓN MÁIS EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS.-**

A Presidencia deu conta desta moción do 18 de xaneiro de 2008, rexistrada co número 372, que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 24 de xaneiro de 2008.

Explicando a moción desde a formación nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** destacou que con certo segredo modificouse o regulamento da prestación do servizo de correos. Con estes cambios pasábase no rural do reparto a domicilio a buzóns concentrados, e mesmo coa participación no mesmo dos Concellos. Para facerse unha idea indicou que no Estado había sesenta mil núcleos rurais, dos que trinta e dous mil núcleos estaban en Galicia, feito que por si amosaba que a lei non tivo en conta a realidade de Galicia, nin os seus previsibles efectos.

Rexeitou que os Concellos participaran nesta concentración e na elección de buzóns, como se contemplaba neste cambio de normativa.

Actualmente había na comarca trinta e catro carteiros, pero era moi importante o seu labor e o seu coñecemento do medio rural e sempre partindo de que non foran persoas novas, porque entón o traballo resultaría moi difícil. A función social dos mesmos era importante e difícil o seu traballo en Galicia pola dispersión da poboación.

Rematou afirmando que o decreto era “unha aberración” para Galicia e a continuación leu a parte dispositiva da moción.

Favorablemente vían a moción desde o grupo socialista. Así adiantouno **D. Manuel María González Aller** e indicou que, tendo en conta que esta empresa (Correos y Telégrafos S.A) estaba en fase de privatización, sempre había nesta clase de procesos medidas que miraban ó punto de vista económico sobre todo.

Indicou que o número de carteiros que había en Galicia só atendía ó cinco por cento da poboación española e que a norma afectaba a todo o territorio e non só a esta comunidade autónoma.

En suma, se ben vía difícil corrixir esta situación, estaban a favor, si se podía, de atallar o problema apoiando a moción.

Coincidía tamén o grupo popular coa moción. **D. Román Rodríguez González** afirmou que apoiarían a moción. Indicou que segundo constaba no Decreto estaba asinado pola Ministra de Fomento, **D<sup>a</sup>. Magdalena Álvarez Arza**, e polo tanto era responsabilidade dela e á mesma había que atribuírlo.

Cualificou de “absurda” e de “burrada” a modificación efectuada neste servizo de correos, coa que estaban en contra, a pesares de que a oposición non se metía con outros temas que antes criticaba como por exemplo a actual configuración da empresa *Tragsa*, a cal a pesar de todo seguía a existir e non se creou unha nova para substituíla.

Sometida a votación ordinaria, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe a totalidade dos membros presentes (20), que inclúe doce edís do P.P., cinco do PSdeG-PSOE e tres do BNG aprobouse a moción con base nos seguintes antecedentes:

En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos: externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/as funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantel, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as, e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendible, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notable en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentres que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborais á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais” nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será – dise– “todos os días laborables e, alomenos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, a ubicación e o financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos

postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (é un só suposto) “as vivendas illadas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e de eficacia do servizo, que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Por conseguinte o Pleno da Corporación Municipal de Lalín  
**ACORDOU:**

*1.- Dirixirse á Xunta de Galicia para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal de Lalín, en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.*

*2.- Enviar o presente acordo ao Sr. Presidente e ao Sr. Vicepresidente da Xunta de Galicia, ao Sr. Presidente do Goberno do Estado e á Sra. Ministra de Fomento.*

#### **9.4.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO MELLORAS NA ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA CABALGATA DE REIS.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 7 de xaneiro de 2008, rexistrada co número 154 o mesmo día, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas Tecnoloxías do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Brevemente e defendendo a moción **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**, tras avisar de que os do BNG non eran monárquicos precisamente, explicou que a cabalgata de reis tiña un dobre atractivo: en primeiro lugar, o festivo e sentimental para os rapaces; e en segundo lugar, un interese socioeconómico. Visto o desenrolo da cabalgata deste ano ao que se uniu o retraso no tema dos alumeados deste Nadal, non era de recibo o xeito en que se celebrou. Había que ver que se gastaron máis cartos en remitir postais de Nadal a residentes ausentes de Lalín, co censo do CERA, que nesta iniciativa. Ás veces cando el viña ao Concello, víase a todo o mundo ensobrando. Contrastaba pois esta partida de seis mil euros que estaba conxelada, coa realizada nas postais e felicitacións que chegaba ata vintecinco mil.

O resultado desta última edición da cabalgata foi decepcionante para moita xente e esperaba que iso se corrixa para o futuro, mesmo o horario de celebración da mesma.

Este evento foi coma o doutros anos, sen atractivo. Coidaba que cumpría potencialo, acometelo con máis cartos e facelo en serio. Para elo había: en primeiro lugar ter vontade; logo poñer os medios; e finalmente levalo a cabo.

Non lle valía o que se lles dixo tanto en prensa coma na Comisión informativa de que eles como grupo debían participar na organización. Pedían que foran eles quen organizara a Cabalgata de Reis; neste caso si que aceptarían. Por último salientou que había outros concellos como o de Silleda que gastaban aínda máis cartos que Lalín nesta celebración.

*Sendo as 12,36 horas abandonou definitivamente a sesión D. José Antonio González González, quedando con dezanove o número total de asistentes e con once os membros do P.P.*

Víase positivamente esa moción desde as filas socialistas. **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** adiantou que votarían a favor. Incidiu, ademais no xa dito polo anterior voceiro, no sentido de que había que implicar a outros colectivos máis do municipio, e insistiu tamén noutro feito: que consideraba inadecuado que se enviara a cobrar aos comerciantes ás persoas que o fixeron. Coidaba que o Concello tiña que actuar doutro xeito, e enviar a outras persoas.

Desde o grupo de goberno **D<sup>a</sup>. María Fé Cortizo Mato**, edil delegada deste evento, coincidiu en que se podía mellorar esta celebración, pero insistiu en que este ano houbo moita máis xente que outros anos, que se fixo o que se puido e que se mellorou en todo. Deu datos sobre as carrozas que se reformaron, dos traxes que se compraron, do feito de que se repartiron seiscentos quilogramos de caramelos, de que houbo corenta e catro nenos

participantes máis que o ano pasado, dos cincocentos globos de helio para os rapaces, moitos deles voaron, dos cartos, e do gasto que se realizou. Ademais desa partida de seis mil euros, con cargo a protección civil, había uns tres mil setecentos euros con cargo a súa propia.

En canto ao horario indicado na moción, indicou que se puxo de común acordo na reunión habida cos representantes do CCU e do Fórum Urbano, no mes de novembro.

Destacou pois, que este ano houbo a implicación doutros colectivos, algo sobre o que non preguntaron. Tamén houbo a axuda do persoal do Concello que non estaba contabilizada e os recursos dos comerciantes.

En canto á programación da organización, sinalou que xa no mes de setembro empezaron a organizala, e mesmo protección civil empezou a traballar en agosto, co axuda de todos.

En alusión ao BNG indicou que non tiña nada que ver o que pasou no tema do alumeado coa celebración da cabalgata de reis. Os contratos de alumeados fixéronse en setembro, tardou en chegar o material ás empresas e demorouse a súa instalación.

Por último invitou a participar a todos como reis magos, porque este ano había dous edís do P.P. e ningún membro da formación nacionalista nin da socialista ofreceuse para ser reis.

De novo tomou a palabra o representante nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**. Dixo que en realidade todo o había dito xa a propia edil do P.P. cando dixo: “fixemos o que pudimos”. Esta frase resumía o papel do Concello neste evento.

Reiterou o que constaba na moción: que había que implicar a moitos outros colectivos. Por exemplo indicou que habendo un sector industrial téxtil tan importante como o que hai en Lalín, *¿que problema podía haber en encargarlle uns traxes a estas empresas?*

Outro tanto sucedía co horario, ás cinco da tarde dun sábado non era unha hora axeitada para moita xente que traballaba, e non podía acudir á celebración. Había que cambiar esta hora e poñer outra no futuro. Tamén podía ser que os clubs deportivos, aportaran, se comprometeran e implicaran aos seus rapaces neste evento, xa que recibían axudas do Concello por outros conceptos. En resume, había que apostar por dotar dun maior orzamento a este evento, e non como unha simple rutina ano tras ano igual.

Tamén coincidiu en moitas das apreciacións da moción **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias**, indicando que os comerciantes apostaron e lle deron cartos ao Concello para o mesmo, reiterou que había que mellorar para o futuro a organización e a celebración da mesma e volveu a insistir en que as persoas encargadas de recadar non era as máis axeitadas, e avogou porque foran outras do propio Concello, e doutro xeito, as que realizaran esta función.

Finalmente **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** preguntou: *¿Como se xustifica que se gaste o Concello nas felicitacións do Nadal vinte mil euros e na Cabalgata de Reis só se gaste seis mil?*

De seguido houbo un breve debate entre a edil delegada do grupo de goberno **D<sup>a</sup>. María Fe Cortizo Mato** e a edil socialista **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** sobre o feito das rapazas encargadas de cobrar aos comerciantes para este evento.

*Na moción pedíase que a Corporación acordase instar ao Goberno Municipal a mellorar substancialmente a planificación, a organización e a celebración da Cabalgata de Reis do vindeiro ano.*

Sometida a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8) dos que tres foron dos edís do BNG e cinco dos membros do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: once (11) do P.P.

Abstencións: unha (1) de D. José Antonio González González, que abandonou a sesión despois do comezo do debate, por imperativo do ROF.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

O Sr. Presidente preguntou se había algunha moción a presentar por vía de urxencia na presente sesión plenaria.  
Desde o grupo popular presentouse a seguinte:

**10.- MOCIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DUNHA AUTOVÍA PONTEVEDRA-LUGO PASANDO POR CERDEDO.-**

A Presidencia deu conta desta moción por urxencia de data do 28 de xaneiro de 2008 con entrada municipal do mesmo día e número 539.

Tras a intervención do **Sr. Presidente**, todos os voceiros salientaron que o debate deste punto xa se produciu conxuntamente co gallo da moción do BNG recollida no punto 9.2 da orde do día.

Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) do P.P.

Votos en contra: sete (7), dos que catro foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Abstencións: unha (1) de D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias, ausente neste intre do salón.

En consecuencia **RATIFICOUSE A URXENCIA DA MOCIÓN.**

*Incorporouse neste intre á sesión D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias.*

De seguido e sometida a votación ordinaria a moción, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) do P.P.

Votos en contra: cinco (5), do PSdeG-PSOE.

Abstencións: tres (3) do BNG.

**Xa que logo aprobouse a moción por maioría simple**, que é do seguinte tenor:

Tendo en conta que o Alcalde de Lalín e Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra ten defendido en reiteradas ocasións, nunha aposta persoal que se retrotrae ao ano 2004 cando se aprobou unha proposta á Xunta de Goberno Local relativa á construción dunha autovía de Pontevedra a Lugo pasando por Cerdedo e por Lalín, iniciativa que recibiu inicialmente o apoio doutros dirixentes políticos, entre eles, a do propio Alcalde de Pontevedra.

A construción da autovía a través de Cerdedo que o Alcalde de Lalín propuxo en diversos foros e ocasións, debería partir de Pontevedra, pasando por Cerdedo, descorrer por Lalín e Agolada e conectar finalmente coa autovía Lugo-Santiago, á altura de Guntín, para enlazar o norte da provincia de Pontevedra coa provincia de Lugo e mesmo con Asturias.

Esta autovía serviría de verdadeiro eixo vertebrador do interior de Galicia e achegaría Pontevedra e as Rías Baixas á comarca de Deza, unha bisbarra que conta con 50.000 habitantes, e a outras zonas da provincia de Lugo como A Ulloa ou Chantada, de gran potencial económico.

Hoxe o Deza está a 20 minutos de Santiago e a unha hora e pico de Pontevedra e non podemos permitir esta situación; o que priman son os tempos de desprazamento e por iso é preciso unha infraestrutura que poña a zona de Deza e Tabeirós a unha distancia de Pontevedra que sexa competitiva para chegar no mínimo tempo posible tanto ao norte de Portugal como a Asturias.

A situación actual ocasiona unha clara desvantaxe competitiva das empresas de Lalín e da súa comarca, porque a distancia e o tempo coas zonas anteriormente expostas supón un custo sobreengadido no prezo final dos seus produtos ou nos servizos que prestan.

A reivindicación desta autovía non é, nin debe ser, unha cousa de Lalín, senón de todos.

Este trazado partiu da proposta formulada inicialmente polo Ministerio de Fomento, e supuña unha conexión natural con Lugo e con Asturias, fundamental para o desenvolvemento da comarca de Deza. É tamén o xeito natural de achegar a Asturias e Lugo á comarca de Deza, Pontevedra, as Rías Baixas e Vigo. Por ende, xa se contemplaba a construción desta autovía no Plan de Estradas de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Polas devanditas razóns, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

**1.- Instar ao Ministerio de Fomento a que faga os estudos pertinentes para que constrúa unha autovía entre Pontevedra, Lalín, Lugo e Vegadeo, pasando por Cerdedo, vía que ten que actuar como verdadeiro eixo vertebrador da Galicia central e que sirva para mellorar as conexións da comarca do Deza coa súa capital natural de provincia, Pontevedra, por ser o trazado máis lóxico, con menos impacto ambiental, posibilitando así a conexión entre os mercados turísticos e produtivos do sur de Galicia cos do norte e cos de Asturias e que contribúa a xerar o desenvolvemento económico de todos os sectores produtivos desta comarca: agrícola, gandeiro e industrial, fundamentalmente.**

**2.- Reclamar ao Ministerio de Fomento que a devandita infraestrutura estea construída e entre en funcionamento antes do ano 2020.**

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **11.1.- PSdeG-PSOE.-**

Por escrito:

### **ROGOS.-**

**D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao:**

1.- Que se proceda ó arranxo e reposición do alumeado público do tramo que comprende a rotonda de Vila de Cruces.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

2.- Que se proceda ó arranxo e reposición do alumeado público do tramo que comprende a rotonda da cima do Rodó.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**D. Manuel Miguélez Montoto:**

1.- Que se arranxe o problema de humidades existente no Local Social de Vilatuxe.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

2.- Que se revisen e se reponñan os puntos de luz próximos ao Local Social (Vilatuxe).

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

3.- Que se reponñan as barandillas rotas de entrada do Local Social. (Vilatuxe).

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

Formulados oralmente:

**D. Manuel María González Aller.-**

**ROGO.-** Unha vez que se arranxou unha beira da Praza da Igrexa rebaixando o bordillo, por mor da caída dun personaxe político do P.P., pide que se arranxe agora o outro lado da Praza da Igrexa.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao:**

**ROGO.-** Reclama que se limpen as beirarrúas de todo o casco urbano, en no só as da rúa Principal feito que coincide coa Feira do Cocido.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**ROGO.-** Demanda que se preste o servizo de luz e auga quente no vestiario do campo de fútbol de Cercio, porque xa os xogadores non acuden alí a entrenar.

*Respostou D. Nicolás Varela García no sentido de que xa hai tempo que non acuden alí. Quedou enterado.*

**PREGUNTA.-** En relación coas respostas do grupo de goberno aos distintos rogos e preguntas que se formulan nas sesións ordinarias polo grupo socialista, tales “o máis pronto posible”, etc.. e outras similares, pide que se cuantifique en anos, meses ou días.

*Indicou D. Manuel Gómez Estévez que a resposta a esta petición era a que se da en cada caso.*

*D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias.*

**PREGUNTA.-** ¿Hai data para a inauguración das salas ou locais de ensaio da Casa de Xuventude?.

*D. Manuel Gómez Estévez indicou que esta pregunta tiña que dirixila a D. Fco. Xavier Vilariño Taboada ou en todo caso ao BNG, grupo de quen dependía esa instalación da Xunta de Galicia.*

**ROGO.-** Pide que se solucionen os problemas para utilización do sistema wifii na biblioteca municipal. Tamén pide que nos accesos coas claves de wifii se solventen os problemas, porque arriba non hai persoas que souban acceder e tardaban quince días en vir a persoa interesada.

*D. Manuel Gómez Estévez respostou indicando que cando hai algún problema acude o técnico do concello D. Carlos Vence Lago.*

## **11.2.- BNG.**

*D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón formulou oralmente os seguintes:*

**ROGO.-** Que se solucionen os problemas existentes para a tramitación da licenza da Oficina de Correos, que está a funcionar sen licenza, a vella oficina.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**ROGO.-** Que se amaíe a pista que vai desde Sante Medelo e logo se bifurca con Vilanova e con Botos, nese tramo existente antes desa bifurcación.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**PREGUNTA.-** ¿Está previsto executar os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en relación cun local que está incurso en expediente administrativo?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** formula a seguinte:

**PREGUNTA.-** ¿Coida que a xente pode ter e expresar opinións e tendencias opostas ao do edil delegado de deportes?.

***D. Nicolás Varela García*** cualificou de lamentable a entrega de pancartas e papeis e panfletos a menores, manipulándoos para vir aquí ao concello.

*Para D. Fco. Xavier Vilariño Taboada era realmente lamentable que un edil con responsabilidades políticas non admita críticas, porque alguén entende que o Concello debe funcionar coma unha empresa privada, e non admite discrepancias, no caso de balonmán, e nega que se manipularan ao menores.*

De seguido produciuse un pequeno intercambio de opinións entre estes dous edís con intervencións de ***D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao e D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral.***

**ROGO.-** En relación cos carteis e os báculos colocados nas beirarrúas das zonas adxacentes ao centro comercial Halley-Pontiñas, pide que se retiren da vía pública inmediatamente, para seguir o mesmo criterio e en igualdade de condicións que ao outro centro comercial existente en Lalín.

*Respostou D. Camilo González Bodaño indicando que xa había acordado adoptado e deuse un prazo para elo. Habería que esperar ao remate do mesmo e logo procederase.*

E non habendo outros asuntos que trataren, sendo as trece horas e trece minutos do día ó comezo sinalado, e no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo isto dou fe pola miña condición de Secretario e fedatario público.

Vº e Prace